



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
16.04.2019

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 16.04.2019

HORA DE COMEZO: 12:05

HORA DE REMATE: 13:40

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. José María Martín Moreno
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D. Francisco Javier Casares Mouriño
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D. Daniel Barata Quintas
D^a Marta Iglesias Bueno
D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández
D. José María Franco García
D. Antonio Macho Senra

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Raquel María Souto García
D. Óscar Moldes Pita
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Cesar Blanco Gómez
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a María Elena Añel Cabanelas

NON ASISTEN

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Garrido Valenzuela
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D^a Rosa María Sánchez Gándara
D^a M^a do Carmen Fouces Díaz

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, 16 de abril de 2019, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2018).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.
- 4.** Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2020/2021.
- 5.** Informe sobre as declaracións de interese de novas titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2020/2021.

Informes, acordos e propostas da Comisión Económica (sesión do 28 de febreiro de 2019)

- 6.** Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da UVigo no exercicio 2018. Informe de execución consonte o Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril.
- 7.** Aprobación definitiva, se procede, da creación da spin-off EM3 Works e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2019 e informe previo do Consello Social en Pleno do 27 de decembro de 2018.
- 8.** Informes de control e seguimento da cesión de espazos universitarios e da xestión do patrimonio da UVigo.
- 9.** Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2018 e xaneiro de 2019.

Propostas e acordos, con informes favorables, da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 19 de febreiro de 2019)

- 10.** Ratificación, se procede, do patrocinio do "Barómetro da empregabilidade dos alumnos da UVigo.
- 11.** Outros asuntos. Patrocinios e axudas.

Propostas e acordos, con informes favorables, da Comisión de Actividades e Servizos (sesión do 26 de marzo de 2019)

- 12.** Ratificación, se procede, do patrocinio dun estudo para coñecer a formación complementaria que precisaron os titulados no mercado laboral e das que se deberían impartir pola súa utilidade.
- 13.** Ratificación, se procede, da distribución e asignación das axudas previstas na convocatoria de apoio a titulacións que precisan fomentar as prácticas preprofesionais.
- 14.** Ratificación, se procede, do patrocinio das "V Xornadas de Mecenado e Fundraising", organizadas polo Consello Social o 9 e 10 de maio en Vigo.
- 15.** Outros acordos. Axudas e patrocinios.
- 16.** Convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de febreiro e marzo.
- 17.** Aprobación, se procede, da colaboración do Consello Social no proxecto "Ciencia cidadá: participación na obtención de datos para a investigación científica", con especial incidencia na educación secundaria.
- 18.** Rogos e preguntas.



Agradece do Ernesto Pedrosa a asistencia dos presentes, que teñen a súa disposición exemplares do traballo "O percorrido da empregabilidade na UVigo", elaborado polas profesoras M^a Jesús López e Gloria Caballero por encargo do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (27.12.2018).

Don Xosé Manuel Atanes anuncia que votará en contra, por non incluír na Orde do día un punto para tratar sobre a solicitude de creación dunha universidade privada en Galicia, tendo en conta que xa fora solicitado para o anterior Pleno e adiado nese momento por entender que se presentaba con pouco tempo e parecía razoable dispor de mais elementos de xuízo para abordalo. Tamén por non terse enviado aos membros un escrito que presentou xunto a dona Elena Añel sobre "Rexeitamento á creación dunha universidade privada en Galicia". Engade que as universidades deben manifestarse canto antes mellor, e avoga por pronunciarse en contra, de xeito inmediato.

Pregunta don Emilio F. Zunzunegui se se pode asumir o compromiso de incorporar esta cuestión como punto da Orde do día na próxima reunión. Don Ernesto Pedrosa manifesta que non se pode debater sobre algo que aínda non se coñece, se ben se amosa favorable a facelo tan pronto exista o suficiente coñecemento de causa. Seguidamente o secretario intenta conciliar con don Xosé M. Atanes a secuencia dos feitos para matizar o contexto e a cronoloxía dos mesmos respecto da posición do conselleiro.

- ***Apróbase co voto en contra de don Xosé M. Atanes***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Principia don Ernesto Pedrosa subliñando que na Orde do día combínanse estratexias académicas e rendición de contas, "dous eixos que vertebran nestes tempos o senso da universidade". Agradece expresamente a presenza do vicerreitor de Ordenación académica e profesorado, Manuel Ramos, e do director de Administración, Rodrigo Cerviño, convidados para informar de asuntos das súas respectivas competencias, inseridos de pleno na sesión.

Apela a pedirlle á política que poña á universidade en primeira liña, e a que se teña en conta que a universidade está concibida para a equidade, o desenvolvemento e a cohesión social. Sinala que no apontoamento deses piares están comprometidos os Consellos Sociais "para promover o movemento (máis que a simple reforma) da universidade.

Fai referencia de seguido ao pormenorizado informe remitido por don Luis Espada sobre os antecedentes, creación e posta en marcha do Observatorio de egresados, e que actualmente ten xa en fase de preparación a páxina web. Don Ernesto Pedrosa pide á universidade que en cada graduación se entregue un documento a cada recentemente titulado para que dea o consentimento para que poidan ser usados os seus datos para seguir a facer estudos e poder realizar actividades con eles a través do Observatorio.

Interésase pola pretensión unilateral da Universidade de Santiago de implantar un Grao en Robótica –"que ameaza o consenso do sistema universitario galego"- e a perda de alumnos que se detecta "pese a que a Uvigo ten a mellor taxa de ocupación". Como terceira cuestión abre unha reflexión sobre a posible aparición dunha universidade privada en Galicia, promovida por Abanca, asunto que entende que abre un debate aínda que non existan datos sobre o impacto e as consecuencias da implantación e de que a previsión leve ata o curso 2021-2022 o inicio da actividade. Lembra neste punto a iniciativa presentada no pleno anterior por dous membros propoñendo que se abordase este asunto, e amosa a súa intención de incorporalo "de maneira expresa e perenne" nas reflexións do Consello Social. Engade o presidente que "debemos prepararnos para debater e analizar, buscar elementos de xuízo, máis información e valoracións plurais". Don Ernesto Pedrosa invita aos



presentes a remitir dentro dun prazo razoable as consideracións que estimen oportunas para documentar as perspectivas e sensibilidades existentes nesta materia, "para articular logo un posicionamento que poida ser compartido".

Finalmente amosa o recoñecemento aos 16 membros do Consello Social que asistiron a todos os plenos convocados en 2018, "extensible a aqueles que non o puideron facer por causas xustificadas, pero que en conciencia sempre o intentan". E remata anunciando as quintas Xornadas de Fundraising e Mecenado que convoca o Consello Social en Vigo os próximos días 9 e 10 de maio.

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Comeza don Manuel Reigosa amosando a súa intención de crear e manter a Oficina de egresados e de contar cos ex-alumnos, para o que xa está previsto pedirles o consentimento informado para poder seguir a contactar con eles cando rematan os estudos.

Sobre o Grao en Robótica que pretende Santiago, o Reitor manifesta que o acordado polas tres universidades era Robótica Agroforestal en Lugo, que despois quedou só en Robótica por decisión unilateral da universidade de Santiago, con un plan de estudos que duplica en gran parte os contidos de estudos que se imparten xa na Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo. Reigosa, se ben admite que a decisión final correspóndelle á Xunta (Educación xa se pronunciou afirmando que o Grao en Robótica respecta o acordo das tres universidades galegas en 2017), advirte que os títulos non se deben cambiar sen consenso e que os pactos deben cumprirse, e declárase a favor de buscar un entendemento para que a UVigo véxase compensada ou reciba contrapartidas que eviten ter que facer unha manifestación pública negativa "agás que haxa un documento oficial que fundamente o cambio".

Neste intre intervén don Jorge Cebreiros para informar que dende a Escola de Industriais estase a remitir a organizacións, entidades e colectivos unha carta de apoio que considera pouco fundamentada e acreditada para obter unha resposta, e pide máis rigor, criterio que comparte o Reitor, descoñecedor desa circunstancia.

Pregunta dona Yolanda López sobre a situación na que está a solicitude de Coruña para impartir un Master en Aeronáutica e cal é a posición da UVigo. Reigosa remítese a un acordo previo entre os tres reitores para que calquera universidade que teña dereito poida entrar, mediante negociación, noutro Máster. Da conta de que a Escola propuxo un Máster, que se vai a tramitar, e de que Coruña tamén ten unha proposta de Máster en Enxeñaría Aeroespacial, "polo que a Xunta terá que pronunciarse". Aclara que se trataría de decidir se será interuniversitario ou de que outra forma se impartiría, pero sen contemplar en ningún caso que se implanten os dous.

Sobre a evolución das matrículas, Reigosa considera innegable que a tendencia é á baixa. Da a coñecer as porcentaxes de novos alumnos no último curso, que cubriron entre un 84% das prazas no caso de Coruña e un 93% en Vigo. Pese a acadar os mellores datos de ocupación en Galicia, o Reitor amosa a súa preocupación porque o SUG no seu conxunto terá cada ano menos alumnos. Apunta á lusofonía e a Sudamérica como novos caladoiros e adianta un plan para fomentar a ensinanza online empezando nunha primeira fase por as cinco ou seis titulacións máis afectadas ("porque a aposta é cara e complexa") e no menor prazo posible ("porque ir por diante reporta vantaxes e máis alumnos que incidirán na matrícula presencial"). Reflexiona finalmente o Reitor se nunha Galicia envellecida débense manter os actuais filtros de acceso á universidade.

No tocante á pretensión de crear unha universidade privada en Galicia, o Reitor subliña o seu máximo respecto ás iniciativas privadas e á lei. Máis alá da súa opinión persoal, como Reitor lembra que a lei non permite que unha nova universidade poida implantar titulacións que choquen cas xa existentes. Amósase preocupado pola situación e manifesta que defenderá a estrita legalidade para o que pedirá apoio no seu momento e se fose preciso. Avanza que a intención dos promotores da nova universidade é ter a Reitoría en Santiago e dar clase en todas as cidades con Campus excepto Lugo, e engade que polo momento non hai información suficiente nin se coñece o calendario. Finalmente informa que os reitores pedirán que no Consello galego de universidades se fixen as regras de xogo,



antes de dar comezo á tramitación da proposta. Dona Maria do C. Fouces opina que o estudo de viabilidade da universidade privada ten que estar feito, e que será un negocio que buscará dividendo ao marxe dos alumnos que teña, porque terá máis que ver con acadar apoios institucionais para poñelos en marcha, drenar recursos públicos para proxectos privados. Refire o exemplo do que acontece no ensino medio, para afirmar que estes ensinos privados son máis dinámicos, "e vamos padecelo todos: profesores, alumnos e familias". Resposta don Manuel Reigosa que a achega de fondos públicos sería ilegal polo que terase que soportar coas matrículas. Entende que non teñen ánimo de lucro e que a súa intención é facer unha oferta diferenciada e que o número de alumnos aos que se dirixe é elevado. Ofrécese a facer unha presentación con datos para amosar as diferencias entre universidade pública e privada, anticipando que a privada é máis cara e nela apróbase máis, ademais de que non investiga nin xera coñecemento.

Don Emilio Zunzunegui sinala que o lucro inmediato igual non se ve, pero é global, como xeito de exercer o control de determinados poderes. Solicita que o Consello Social estea vixiante da proposta en positivo. Na mesma liña se pronuncia don Manuel González, lembrando que xa o Informe Bricall 2000 dicía que a presenza de universidades públicas en Europa era excesiva; e apunta que nesta iniciativa hai que contemplar o aspecto ideolóxico que ven da mao destes modelos. Don Xosé Manuel Atanes intervéñ para dar lectura a un escrito que subscribe tamén dona M^a Elena Añel, pedindo que se rexeite a creación dunha universidade privada en Galicia. Don Jesús Graña apunta que a competencia para aprobar novas titulacións corresponde á Xunta de Galicia. Remata o Reitor instando a que a posición do Consello Social sexa menos belixerante e se dirixa ao cumprimento da lei.

PUNTO 4

Calendario e procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de Grao, Máster e Doutoramento, para o curso 2020/2021.

O vicerreitor don Manuel Ramos informa que o calendario é o mesmo de anos anteriores, con modificacións leves que non afectan ao fondo. Explica as diferentes fases do procedemento ata chegar ao Consello Social, no mes de xullo.

- ***O Pleno dáse por informado***

PUNTO 5

Informe sobre as declaracións de interese de novas titulacións de Grao, Máster e Doutoramento para o curso 2020/2021.

O responsable de Ordenación académica e profesorado pormenoriza as circunstancias e modificacións de cada un dos títulos afectados, dando conta de que inicialmente había dúas solicitudes de novos Graos, pero o de Xeoloxía non saíu adiante; tamén da proposta de catro Mestrados, xa que non se poden propoñer máis consonte as normas da Xunta. Respecto das modificacións explica que trátase no seu conxunto de cambios menores e sen relevancia. En resumo, un novo Grao e catro novos Mestrados; modificacións en once Graos, en nove Mestrados e en dous programas de doutoramento.

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 6

Liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Uvigo no exercicio 2018. Informe de execución consonte o Real Decreto-Lei 14/2012, do 20 de abril.

O presidente da Comisión Económica, don Daniel Barata, fai a introdución dos asuntos da súa competencia, principalmente deste punto, que comporta a aprobación definitiva do orzamento de 2019. Cede a palabra a don Rodrigo Cerviño, que informa nos termos presentados ante a Comisión e



explica os datos máis salientables. Engade que o auditor está traballando na conta financeira e no informe definitivo que se presentará en xuño.

- ***O Pleno dáse por informado***

(Don Xulio Calviño ausentase neste intre).

PUNTO 7

Aprobación definitiva, se procede, da creación da spin-off EM3 Works e da participación da UVigo, consonte acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2019 e informe previo do Consello Social en Pleno do 27 de decembro de 2018.

Expostos os aspectos principais da documentación referida a este punto, xa tratado na súa fase inicial na sesión do pasado mes de decembro, o Pleno,

- ***Ratifica a aprobación***

PUNTO 8

Informes de control e seguimento da cesión de espazos universitarios e da xestión do patrimonio da UVigo.

Refire don Rodrigo Cerviño a relación das despensas concedidas (fundamentalmente no Campus de Ourense) e deixa constancia da doazón feita por "Endesa Generación, S.A.U."

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 9

Convenios asinados pola UVigo en decembro de 2018 e xaneiro de 2019.

- ***O Pleno dáse por informado***

PUNTO 10

Ratificación, se procede, do patrocinio do "Barómetro da empregabilidade dos alumnos da UVigo.

Expón don Ernesto Pedrosa as principais características, obxectivos e cronograma da proposta que se presenta. O estudo está dirixido polas profesoras do Departamento de Organización de empresas e márketing Gloria Caballero e M^a Jesús López Miguens, autoras ata 2018 do traballo encargado polo Consello Social "*Confianza e percepción dos estudantes da UVigo na súa empregabilidade*", que se da por concluído.

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 11

Outros asuntos. Patrocinios e axudas.

O presidente remítese ao resumo dos restantes acordos adoptados pola Comisión, e do que dispoñen os membros.

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 12

Ratificación, se procede, do patrocinio dun estudo para coñecer a formación complementaria que precisaron os titulados no mercado laboral e das que se deberían impartir pola súa utilidade.

Subliña o presidente que con este estudo, a UVigo poderá contrastar a formación e competencias dos seus titulados coas demandas concretas do mercado nas distintas titulacións, ben para poder adecuar os planos de estudo ás demandas laborais ou ampliar a formación con



coñecementos específicos. O traballo encadrase dentro do proxecto de procura de datos para a posta en marcha do Observatorio de egresados da UVigo. Consonte a proposta orzamentaria que se achega para a elaboración do estudo,

- ***O Pleno ratifica o acordo da Comisión***

PUNTOS 13

Ratificación, se procede, da distribución e asignación das axudas previstas na convocatoria de apoio a titulacións que precisan fomentar as prácticas preprofesionais.

Infórmase que a cifra de peticións mantense estable en once, (se ben desaparece Belas Artes e incorpórase Minas e Enerxía). Seis corresponden a centros do Campus de Vigo, tres ao de Ourense e dúas ao de Pontevedra. Consonte as bases, explícanse os criterios seguidos para o reparto de asignacións.

- ***O Pleno aproba a distribución que se propón***

PUNTO 14

Ratificación, se procede, do patrocinio das "V Xornadas de Mecenado e Fundraising", organizadas polo Consello Social o 9 e 10 de maio en Vigo.

O presidente explica que estas Xornadas que promove o Consello Social chegan á quinta edición, e teñen como obxectivo coñecer e avanzar nun novo marco de relación entre universidades, axentes sociais e novos financiadores da actividade académica. Nesta edición falarase nun amplo programa que combina expertos en diferentes áreas e responsables políticos, baixo o título de "O exercicio de doar á universidade en nove experiencias: axudas legais, axudas fiscais, axudas de comunicación". Tamén se entrega un avance de orzamento.

- ***O Pleno aproba a proposta***

PUNTO 15

Outros acordos. Axudas e patrocinios.

Informado dos restantes acordos, axudas e patrocinios tratados, aprobados e elevados pola Comisión,

- ***O Pleno dá a súa conformidade***

PUNTO 16

Convenios asinados pola Universidade de Vigo nos meses de febreiro e marzo.

- ***O Pleno dáse por informado***

PUNTO 17

Aprobación, se procede, da colaboración do Consello Social no proxecto "Ciencia cidadá: participación na obtención de datos para a investigación científica", con especial incidencia na educación secundaria.

Don Ernesto Pedrosa da conta de que este punto incorpórase de xeito excepcional á orde do día, en atención á urxencia da convocatoria á que concorre. Incide en que a axuda só será executada no caso de que o proxecto obteña o financiamento adicional solicitado á FECYT.

- ***Apróbese a colaboración***



PUNTO 18

Rogos e preguntas.

Don Antonio Macho interesa coñecer a opinión da UVigo sobre a intención da Consellería de Educación de implantar mencións nos Graos, ao que da resposta o vicerreitor don Manuel Ramos.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:40 horas do 16 de abril de 2019, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias